

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A planificación estratéxica como método de xestión pública

CONVOCATORIA: Curso monográfico A planificación estratéxica mo método de xestión pública

GRUPO: Servizo EIP EGAP

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2018
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 10/07/2018 - 08:00h ao 09/09/2018 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Os obxectivos fundamentais deste curso monográfico son os seguintes:

- Analizar os aspectos máis destacados da planificación estratéxica e da dirección por obxectivos: conceptos fundamentais e principios.
- Motivar ás persoas participantes na reflexión estratéxica para facer fronte aos desafíos do sector público.
- Profundar no coñecemento e no manexo das principais ferramentas necesarias para formular e implementar a planificación estratéxica como método de traballo nas organizacións públicas.
- Coñecer algunhas experiencias de planificación estratéxica levadas a cabo na Administración pública.
- Aplicar os coñecementos adquiridos mediante a elaboración dun plan estratéxico.

DESTINATARIOS

O curso diríxese ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma e das universidades do Sistema universitario de Galicia, que se encadren nalguna das seguintes categorías:

1. Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
2. Grupos I e II do persoal laboral.

PROGRAMA

Neste curso monográfico serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- Consideracións sobre a planificación estratéxica na Administración pública.
- O proceso de elaboración dun plan estratéxico xeral.
- O proceso de elaboración dun plan operativo anual.
- O sistema de seguimento e avaliación dun plan operativo anual.
- Experiencias de planificación estratéxica na Administración española.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Excepto as persoas que pertencen á Administración autonómica ou á Administración de xustiza, todos/ as os/ as solicitantes deberán enviar un correo electrónico a novas.egap@xunta.gal, achegando a certificación acreditativa da súa condición de persoal empregado público e do grupo e/ou categoría á que pertencen. Esta certificación será expedida pola persoa que realice as tarefas de certificación da Administración na que preste os seus servizos. Serán excluídas aquelas solicitudes que non acompañen a dita certificación ou que sexa recibida con posterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, 9 de setembro de 2018.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago

INICIO / FIN: 19/09/2018 a 21/09/2018

NUM. PRAZAS: 40

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

CONSUELO SANCHEZ NARANJO

BENITO RAMOS RAMOS

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 2: O día 19 de setembro de 09:00 a 14:30. O día 19 de setembro de 16:30 a 19:00. O día 20 de setembro de 09:00 a 14:30. O día 20 de setembro de 16:30 a 19:00. O día 21 de setembro de 09:00 a 14:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA